

## **Lei 15/1989, do 20 de outubro, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 413, do 8.9.1989.

Acordo de tramitación polo procedemento de urxencia, BOPG núm. 413, do 8.9.1989.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 425, do 3.10.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 140, do 10.10.1989.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 430, do 17.10.1989.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 204, do 24.10.1989.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 35, do 9.2.1990.

## **Lei 15/1989, do 20 de outubro, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia**

En consideración a que na Lei 13/1988, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989, só se preveu o anticipo de subvencións, para gastos electorais, ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións, como crédito ampliable, e tendo en conta a proximidade das eleccións ó Parlamento de Galicia, que esixe que a Administración autonómica conte cos medios económicos necesarios para atende-los gastos derivados da celebración das mesmas, dándolle cumprimento ó ordenado na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, e demais normativa vixente, resulta necesaria, ó amparo do artigo 47 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, a concesión dun crédito extraordinario que permita atender tales gastos.

Co fin de que o dito crédito extraordinario non produza incremento de gasto público, a súa financiación levarase a cabo anulando remanentes de crédito dos distintos capítulos do Presuposto de Gastos vixentes, antes do 31 de decembro do corrente ano.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de

Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia.

### **Artigo 1**

Concédesse un crédito extraordinario ó Presuposto de Gastos vixente da Comunidade Autónoma por importe de setecentos cinco millóns novecentas sesenta e catro mil cento oitenta e dúas pesetas (705.964.182), tal como se especifica no anexo da presente Lei, co obxecto de atende-las obrigas que se deriven da celebración das eleccións ó Parlamento de Galicia en 1989.

### **Artigo 2**

Este crédito extraordinario financiarase mediante anulación de remanentes de crédito dos distintos capítulos do Presuposto de Gastos correspondentes á financiación básica e incondicionada. O Consello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, antes do 31 de decembro de 1989, determinará as aplicacións presupostarias dos citados créditos.

Disposición derradeira

Autorízase á Xunta para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta Lei.

A presente Lei entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1989

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente

## ANEXO

Especificación orgánica e  
económica por conceptos e por programas

Sección 01.- Parlamento  
 Servicio 01.- Parlamento  
 Programa 132A.- Administración electoral

Cap.	Art.	Conc.	Explicación do gasto	Total concepto	Total artigo e capítulo
2	4	4	Gastos en bens correntes e servicios. Servicios novos. Xunta Electoral de Galicia.	6.500.000	6.500.000

Sección 04.- Consellería da Presidencia e Administración Pública  
 Sección 08.- Secretaría Xeral Técnica  
 Programa 131A.- Campaña institucional

Cap.	Art.	Conc.	Explicación do gasto	Total concepto	Total artigo e capítulo
2	2	6	Gastos en bens correntes e servicios. Material, subministracións e outros. Gastos diversos.	145.000.000	145.000.000

Sección 04.- Consellería da Presidencia e Administración Pública  
 Servicio 08.- Secretaría Xeral Técnica  
 Programa 132A.- Administración electoral

Cap.	Art.	Conc.	Explicación do gasto	Total concepto	Total artigo e capítulo
1	4	0	Gastos de persoal. Outro persoal. Outro persoal. 0.- Persoal vario: Retribucións e gratificacións ó persoal de apoio ás eleccións.	181.567.184	181.567.184
2	4	5	Gastos en bens correntes e servicios. Servicios novos. Proceso electoral. 0.- Indemnizacións pe gastos derivados dos servicios que hai que atender con ocasión das eleccións ó Parlamento.	372.896.998	372.896.998